

CIRCULAR 22-2017

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

I CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE MILLA EN PISTA AIRE LIBRE

Ourense, 25 de Marzo de 2017

Art.1) A F.G.A a través da súa delegación en Ourense e o Club Aurum organizará o I Campionato de Galicia de Milla en pista nas pistas de Ourense o vindeiro sábado día 25 de marzo do 2017.

Art.2) Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2016/17) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos de Galicia.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 21 de marzo do 2017.**

Art.4). Os atletas deberán recoller o dorsal ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta. Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas.

Art.5). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6). O comité técnico non establecerá marcas mínimas: A condición esixida será a de figurar na tempada actual ou anterior en 800/1500 entre os 12 primeir@s do ranking absoluto.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Art.7). Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.8). Horario da competición:

19:40 Milla feminina

20:00 Milla masculina

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orden, segundo as normas técnicas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez

Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 27 febreiro de 2017